



Anexo 2

BORRADOR DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DOS CONSELLOS TERRITORIAIS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN E OBXECTO

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto deste Regulamento:

- A regulación do funcionamento interno dos Consellos Territoriais de Narón.
- A regulación dos/das portavoces e representantes.

Artigo 2.- Definición

Os Consellos Territoriais de Narón son órganos de participación, consulta, información, control e proposta, sen personalidade xurídica propia, que permite a participación da veciñanza, colectivos e entidades dos barrios e parroquias que integran o municipio de Narón, na xestión dos servizos municipais, mellorando a eficacia dos mesmos e sendo instrumento para a corrección de desequilibrios entre as distintas zonas municipais.

Artigo 3.- Marco de referencia

Os Consellos Territoriais de Narón funcionarán en conformidade co establecido no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá.

CAPÍTULO II

FUNCÍONS

Artigo 4.- Funcións e tarefas

Son funcións dos Consellos Territoriais de Narón:

1. Fomentar a participación directa da cidadanía, por medio de entidades do territorio, na actividade do Concello; establecendo para estes efectos os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento da actividade municipal.
2. Recadar propostas cidadás e informar aos órganos de goberno do Consello do funcionamento dos servizos municipais do territorio, presentando propostas para o seu mellor funcionamento.
3. Presentar ao Concello, anualmente, un estado de necesidades e problemas específicos do territorio, con indicación e selección de prioridades para a súa posible inclusión no Plan de Actuación Municipal.
4. Analizar os elementos do Plan de Acción Municipal que afecten ao territorio do que se trate. O Concello informará ao Consello das actuacións que se van a cometer no barrio/parroquia.
5. Recadar información, coa petición previa de temas de interese, para o Consello.
6. Difundir a maior información e publicidade sobre as actividades e acordos municipais que afecten ao barrio/parroquia.

7. Colaborar co Concello na solución dos problemas do territorio e axudar na aplicación de políticas que preveñan situación de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e marxinação.
8. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual entre organización potenciando a coordinación entre as diferentes institucións ou entidades que actúen no territorio, xa sexan públicas ou privadas.
9. Resolver as solicitudes formuladas por asociacións ou entidades cara a súa incorporación ao correspondente Consello.
10. Seguimento no cumprimento dos acordos adoptados polo Concello sobre as propostas do Consello Territorial, dándolle traslado do texto completo dos acordos e dos informes técnicos correspondentes, se fose necesario.
11. Manter as reunións necesarias coas distintas áreas municipais para o seguimento e control dos acordos tomados coa periodicidade establecida neste Regulamento.
12. Presentar mocións e propostas ás comisións informativas correspondentes.

CAPÍTULO III COMPOSICIÓN

Artigo 5.- Membros

Tal e como se establece no artigo 57 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Narón, constituirán o Consello Territorial:

- Presidencia: o/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.
- Un/unha concelleiro/a por cada un dos grupos políticos que forman parte da corporación local.
- Un representante por cada unha das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás con enderezo no territorio do Consello, a proposta da mesma.
- *Un/unha secretario/a elixido/a por maioría do Consello ou vicesecretario/a no/a que se delegue.*

CAPÍTULO IV FUNCIONAMENTO

Artigo 6.- Periodicidade

O Consello reunirse, como mínimo, unha vez ao semestre en sesión ordinaria. Non obstante, por razón de conveniencia ou urxencia, poderán celebrarse sesións extraordinarias, que serán convocadas pola Presidencia, a iniciativa propia ou a solicitude de, polo menos, un terzo dos membros do Consello.

Artigo 7.- Quórum de asistencia

Para a válida celebración das sesións requírese a asistencia da Presidencia e Secretaría e de, polo menos, a metade dos membros representantes das asociacións, quórum que deberá manterse durante a sesión.

Se este quórum non se acadase, constituirase en segunda convocatoria quince minutos máis tarde, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos membros representantes das asociacións, ademais da Presidencia e Secretaría.

Artigo 8.- Convocatorias

A convocatoria das sesións corresponde á Presidencia, que deberá acompañar á mesma a orde do día cos asuntos a tratar, elaborada atendendo ás propostas que, por escrito, puideran presentar os membros do Consello.

A antelación da convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias será de oito días, e as extraordinarias urxentes, sen límite de antelación, sendo suficiente que a comunicación sexa anterior á celebración.

Publicaranse as datas da reunión do Consello na web e nos medios de comunicación, co fin de que a cidadanía poida presentar solicitudes e propostas, segundo o previsto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá.

Artigo 9.- Deliberacións

A Presidencia dirixirá as sesións, ordenará os debates e adoptará as medidas convenientes para garantir a boa orde das reunións.

O sistema habitual de traballo será a busca de consenso; se este non é posible, recorrerase ao voto, e os acordos e resolución adoptaranse por maioría simple dos membros presentes que teñen dereito a voto. En caso de empate, a Presidencia do Consello terá voto de calidade.

Artigo 10.- Actas

A Secretaría do Consello tomará acta das reunións. As actas remitiranse a todas as persoas membros do Consello e tamén a todas as asociacións da parroquia/barrio, e se someterán a aprobación do Consello na seguinte sesión.

As actas serán publicadas na web municipal e estarán a disposición da cidadanía nas oficinas de Participación Cidadá.

Artigo 11.- Grupos de traballo

Para o estudo de temas puntuais e concretos relacionados co ámbito do Consello, poderán constituírse comisións específicas de traballo, a iniciativa da Presidencia do Consello e/ou a petición da maioría dos seus membros.

Poderán participar nos grupos de traballo representantes das asociacións pertencentes ao Consello e tamén especialistas dos diferentes temas obxecto de estudo que sexan propostos pola maioría dos membros do Consello.

O réxime das reunións dos grupos de traballo será flexible, adecuado á urxencia do tema. A convocatoria e coordinación corresponderá á Presidencia. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes no grupo de traballo.

Artigo 12.- Ditames do Consello

Os ditames do Consello, ao ter un carácter consultivo e de participación cidadá, terán unha importancia singular, constituíndo directrices, co rango de recomendacións para os órganos de goberno municipal, os cales terán que dar resposta motivada a todas as formulacións que sexan modificadas ou rexeitadas.

Todos os ditames do Consello e as respostas que se xeren ao respecto polos órganos de goberno municipal terán que ser convenientemente difundidas, coa intención de que a cidadanía poida informarse sobre o traballo realizado.

Artigo 13.- Memoria

O Consello Territorial elaborará unha memoria anual, que incluírá un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Esta memoria será presentada ao Consello Xeral de Participación Cidadá.

CAPÍTULO V

DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS

Artigo 14.- Dereitos dos membros

Son dereitos dos membros dos órganos dos Consellos Territoriais os seguintes:

- Solicitar a inclusión dos asuntos que estimen oportunos na orde do día das sesións dos órganos colexiados.
- Asistir ás reunións que se convoquen, participar nos debates, formular rogos e preguntas e exercer o seu dereito a voto.
- Solicitar, a través da Presidencia, certificacións dos actos e acordos das sesións.
- Recibir a información adecuada para cumprir debidamente as funcións que teñen asignadas.

Artigo 15.- Deberes dos membros

Son deberes dos membros dos órganos dos Consellos Territoriais:

- Asistir ás reunións que se convoquen ou aportar o seu parecer ou xustificación.
- Gardar a confidencia precisa, cando a natureza do asunto o requira.

Artigo 16.- Perda da condición de membro

Perderase a condición de membro do Consello Territorial:

- Por acordo dos órganos ou entidades representadas nos mesmos, que o comunicarán á Secretaría do Consello.
- Por renuncia da persoa interesada, comunicada ao órgano ou entidade á que representa e á Secretaría do Consello.
- Por calquera declaración xudicial que afecte á súa capacidade de obrar ou inhabilitación para o exercicio de calquera cargo público.
- Aqueles membros que o sexan en representación de cargo público ao ser cesados/as no mesmo.

- A ausencia non comunicada a dúas sesións ordinarias consecutivas do Consello, determinará a perda do dereito a voto e a posibilidade de que o Consello acorde a exclusión como membro do mesmo.
- No caso de exclusión, esta terá a vixencia do mandato na que se tome tal decisión.

Artigo 17.- Intervención de colectivos cidadáns

Todas as entidades cidadás inscritas no Censo municipal de asociacións poderán intervir ante o Consello Territorial en relación a algún punto da orde do día, debendo solicitalo á Presidencia do Consello. Coa autorización da Presidencia e a través dun /dunha ou varios/as representantes, poderán expoñer o seu parecer durante o tempo que sinala a Presidencia, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A modificación total ou parcial do presente Regulamento, así como a súa derogación, correspóndelle ao Pleno Municipal, a proposta da comisión informativa de área.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento de Funcionamento Interno dos Consellos Territoriais de Narón entrará en vigor a partir da publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.